



Páx 2-4

ANÁLISE:

A reforma dos concellos

Páx 5-6

PONTEVEDRA:

Eficacia na xestión

Páx 7

PONTEVEDRA:

Pontevedra gana a batalla a SOGAMA

Páx 8

PONTEVEDRA:

Pontevedra continúa a súa aposta pola compostaxe

Páx 9-10

PONTEVEDRA:

Ruralactivo

Páx 11

PONTEVEDRA:

Unha economía de nós

Páx 12

PONTEVEDRA:

Completando a rede de saneamento nas parroquias

Páx 13

PONTEVEDRA:

Cidade 30: Pontevedra como modelo

Páx 14-15

PARLAMENTO:

O PP ao servizo de ENCE

Páx 16

BARRO:

Enlace da A-57 en Curro


Páx 17

CALDAS DE REIS:

Aeródromo de Godos

CONTRACAPA:

Manifestación en defensa da sanidade pública



A reforma dos concellos

Anda estes días o PP a ameazarnos cunha proposta de reforma da administración municipal e andan os medios e os partidos do sistema (PSOE, IU, PP) a ensarillarse en debates sen fundamento sobre os soldos de alcaldes e concelleiros.

Como sempre, trátase dunha cortina de fume para agachar a verdadeira realidade: que imos padecer un grave paso para atrás, un recorte de servizos, un camiño cara unha administración franquista, antigalega, antidemocrática e empobrecida.

O primeiro que temos que lembrar é que a reforma da administración local da que agora falan todos os medios procede da reforma da Constitución que pactaron e aprobaron sen apenas debate PP e PSOE. Esa reforma impón a Lei de Estabilidade Orzamentaria que agora obriga a adelgazar os concellos prestando menos servizos.

Así pois, a reforma do Réxime Local vén ser a aplicación da Reforma da

Constitución aos Concellos, isto é, unha outra imposición da troika europea aplicada con rigor polo bipartidismo sistémico, agora PP, antes PSOE.

Eis o obxectivo fundamental, respectar o teito de gasto, adelgazar a administración, prestar menos servizos, aprofundar no modelo.

E o resto son lérias. Ú-lo principio dunha administración unha competencia cando se fala de urbanismo? E cando estes días hai armado un bo zarillo coas emerxencias? Non hai logo bombeiros municipais, novos parques provinciais e brigadas da Xunta? Por que non se implanta un

A reforma local do PP supón unha volta ao modelo dos concellos franquistas

corpo de Policía Nacional Galega que asuma todas as competencias da policía municipal, da autonómica, da nacional e da garda civil? Non busquesdes respostas a estas preguntas nIn na Lei do PP nIn nas críticas do PSOE nIn nas análises dos medios do sistema. Simplemente, non queren ordenar os concellos, queren afondar nun sistema inxusto, cruel e corrupto.

Tampouco a lei do PP mellora o carácter democrático dos concellos, senón todo o contrario. Dálle máis poder aos

secretários e aos interventores e envía competencias ás Deputacións, é dicir, deixa máis poder sobre persoas que non foron eleitas en procesos democráticos. Asemade, ao tempo que se lle retira o soldo a alcaldes e concelleiros permítese seguir contratando asesores: outra vez o mesmo carácter antidemocrático da reforma que fai recaer o control da administración en persoas non eleitas.

É, pois, unha lei antidemocrática e que quere facernos voltar ao modelo dos concellos franquistas con todos os cargos nomeados a dedo.

Existe tamén un suposto debate a respecto das competencias que se van poder desenvolver. Máis outra cortina de fume posto que os cambios nas listaxes de competencias son mínimos e case irrelevantes. O cambio gordo, a diferenza profunda

é que a partir de agora os Concellos van estar practicamente incapacitados para desempeñar calquera competencia que non estea recollida nesas listaxes. E aí é onde se vai facer o verdadeiro aforro ao deixar de prestar servizos.

Como nacionalistas estamos pola vertebración de Galiza e, polo tanto, contra todo tipo de localismo

Desde agora pasan a estar “prohibidas” áreas tan importantes como igualdade, xuventude, Promoción Económica, todo o relativo á Educación (Escolas de Música,.....), Sanidade (Información,....), Servizos Sociais non de base, Consumo e calquera outra que non estea dentro das chamadas competencias propias. Mesmo reforzando o carácter centralista e uniformizador, os concellos van ter “prohibido” actuar en normalización lingüística.

A análise do BNG

O nacionalismo galego sempre viu tanto as divisións municipais como a súa articulación legal e administrativa como alleas á realidade de Galiza, tanto nas dinámicas sociais como na súa concepción centralista e uniformizadora co resto do Estado. Esta disfuncionalidade chega ao paroxismo co invento das provincias e Deputacións, que permaneceron, contra toda racionalidade, na Transición, por imposición dos sectores franquistas que pactaron a Constitución. Nación, comarcas, concellos reordenados, son antitéticos e incompatíbeis con Estado Centralista, provincias, concellos de corte español.

Como nacionalistas estamos pola vertebración de Galiza e, polo tanto, en contra de todo localismo, reinos de taifas e demais fenómenos desvertebradores, tanto sociais como do territorio, negativo patrimonio na Galiza das forzas estatais, con tanto ou máis entusiasmo do PSOE que do PP.

Ademais, sempre entendemos que hai competencias básicas que deben estar ao alcance de toda a poboación independentemente do Concello no que vivan, especialmente as referidas á educación en todos os seus treitos, sanidade

en todos os seus aspectos e servizos sociais, coa salvedade, como moito, dos servizos sociais de base.

A actual Lei de Bases de Réxime Local e Lei Electoral foron duramente criticadas polo BNG polo seu carácter centralista, alleo á realidade de Galiza, e antidemocrático. Polo tanto, nós si estamos por unha modificación a fondo, radical, do actual marco básico municipal, pero nun senso totalmente contrario ao que se propón coa reforma proposta polo P.P. para todo o Estado.

En que consiste a proposta nacionalista?

O primeiro que temos que conseguir é que todos os galegos e as galegas teñan acceso ás mesmas prestacións e servizos. A nivel da administración municipal iso esixe, de entrada, suprimir as deputacións provinciais e, a seguir, manter o número de concellos ou, no caso dos de maior tamaño, mesmo dividilos para conseguir unha administración achegada ás persoas.

Cómpre tamén a creación de comarcas que estruturen o país e teñan, todas, o mesmo nivel de obrigas e financiamento.

En función do tamaño dos concellos e doutros criterios como a poboación, podería crearse a figura administrativa da parroquia, sempre con competencias delegadas e só para conseguir un mellor funcionamento.

En calquera caso, terían que estar perfectamente clarexadas as competencias de concellos e comarcas e teren, en ambos os dous casos, representantes democraticamente eleitos que teñan que dar conta do seu traballo diante das persoas que representan.

Pontevedra ten un peto de
13 millóns de euros

Eficacia na xestión



O Concello de Pontevedra pechou o exercicio de 2013 cun superavit de 200.000 euros. Como afirmou Raimundo González “O Estado presume de pechar cun 6% de déficit, a Xunta presume de ter menos déficit que outras comunidades (...) pois en Pontevedra, a diferenza doutras administración, pechamos con superávit”.

Isto débese, principalmente, a unha contención do gasto corrente que se reduciu

Con estas cifras, Raimundo González destacou que a débeda total do Concello de Pontevedra situouse en 2012 en 23 millóns de euros, o que se traduce nun nivel de endebedamento do 35%, notablemente inferior á media do Estado. Isto permitirá, dixo, poder recorrer a créditos “sen necesitar de autorizacións externas”, xa que “temos aforro neto e bruto positivo”. Este préstamo podería chegar até os 3,8 millóns de euros.

Os magníficos datos económicos do Concello permítelle ir a crédito sen precisar autorización externa

nuns 5 millóns de euros e a que os ingresos presupostados superáronse ata nun 8 por cento, malia que o Estado transferiu un millón de euros menos do comprometido inicialmente e que a Xunta aportou menos cantidade de diñeiro que o exercicio anterior.

Ademais, o edil nacionalista destacou que a “situación da empresa”, en referencia ás arcas municipais, é “envexábel”, xa que hai un remanente líquido de tesourería que supera os 13 millóns de euros.

O Concello utilizará os seus fondos para dinamizar a economía e financiar actuacións de carácter social

Este diñeiro destinarase a diferentes investimentos imprescindíbeis e a financiar actuacións de carácter social para estimular o emprego ou para a promoción de eventos.

Neste sentido, Raimundo González xa adiantou que 3.600.000 euros van adquirir un destino coa modificación de crédito que se vai levar ao Pleno Municipal do 18 de marzo. O 90% vai ser para investimentos que non tiñan consignación orzamentaria e só un 10% para financiamento do gasto corrente.

Entre eses investimentos hai que destacar que 1.200.000 euros van ir destinados á rede de saneamento do rural;

734.000 euros serán para o financiamento do primeiro treito da Ronda Urbana; 295.000 euros para a Pz. De Valentín García Escudero e 46.000 euros para o campo de rugby de Monte Porreiro.

O Concello de Pontevedra leva nos últimos 13 anos, os de Raimundo González á fronte da área de Facenda Municipal, un traballo serio e rigoroso. Durante todos estes anos racionalizouse o gasto corrente, non se desperdiciou diñeiro en obras faraónicas, modernizouse a administración e púxose a traballar a área de facenda para permitir a transformación do concello.

Ese traballo tamén dá agora os seus froitos: o Concello ten “feito un peto” para ir pasando estes maus momentos e para utilizalo na dinamización económica e na mellora da calidade de vida dos pontevedreses e as pontevedresas.



Pontevedra gana a batalla a SOGAMA



O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de ditar unha sentenza -non recurribel- que dá a razón ao Concello de Pontevedra no xa longo litixio que mantén con SOGAMA polo prezo a pagar polo tratamento do lixo.

Así, mentres SOGAMA pretendía que o Concello pagase 53,91 euros por tonelada, o Concello, en cumprimento do contrato asinado no seu día, pagaba 31,05. En total, nos cinco meses a que fai referencia a sentenza (agosto-dembro de 2008), o Concello, e polo tanto todas as veciñas e veciños, aforraron 300.000 euros.

A importancia desta sentenza, que lle dá a razón ao Concello entrando, por vez primeira, ao fondo da cuestión, é que pode crear un precedente para as sentenzas que aínda están por vir (recibos de 2009 a 2012) cuxa cuantía supera os tres millóns de euros.

A defensa do interese público

Na rolda de prensa na que se anunciou o fallo do TSXG, o Portavoz do Goberno, Raimundo González sulíñou que o Concello defendeu neste litixio o interese público, o de todos os veciños e veciñas, como xa fixera en outras ocasións con ENCE ou coas entidades financeiras.

Esta actitude de defensa do público contrasta coa do PP que solicitou en reiteradas ocasións que o Concello pagase o que unilateralmente, e sen aterse ao contrato asinado, esixía SOGAMA.

De facerlle caso ao PP todas as veciñas e veciños terían perdido xa 300.000 euros de diñeiro público. consignación orzamentaria

O Concello continúa a súa aposta pola compostaxe



A Concellaría de Servizos en colaboración con Adegas realizará unha campaña de compostaxe doméstica que foi presentada esta mañá pola concelleira Carme da Silva, así como pola responsable de residuos de Adegas, María Rodríguez Lafuente.

Este programa é a segunda fase dunha primeira campaña que puxera en marcha o Concello polas parroquias de Tomeza e Salcedo. Agora continúa por Mourente, Marcón e Bora coa intención de crear un plan de educación ambiental para adultos e informar e ilustrar sobre a xestión adecuada da materia orgánica devolvéndoa á terra, e reiniciando o seu ciclo “vital”.

A Concellaría arranca a campaña con 50 prazas (aínda que se a demanda é maior poderase ampliar) para empadronadas nas citadas parroquias. As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición

dende o 14 de marzo ao 3 de abril, a través do Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra achegando un volante de empadronamento para xustificar a súa residencia nalguna destas tres parroquias. Tamén deben ter unha vivenda con horta ou xardín, e non ter participado noutras campañas de compostaxe.

As persoas inscritas deberán participar nunha charla informativa o vindeiro 8 de abril, a partir das 19.30 horas no Pazo da Cultura. Neste acto entregaráselles os composteiros, daráselle información sobre o seu uso, tamén sobre o uso do compost, e o sistema de residuos de Galiza.

Mourente, Marcón e Bora
incorpóranse á compostaxe

Dende este momento, e até final de ano será Adegas a encargada de facer tres visitas ás casas que reciban os composteiros para facer un seguimento do programa e resolver as dúbidas que poidan xurdir á hora de pór en marcha a compostaxe.



Ruralactivo

O Centro Cultural de Santa María de Xeve celebrou este xoves 14 de marzo o primeiro dos faladoiros do proxecto *Ruralactivo* que se pon en marcha nas parroquias de Santa María de Xeve, Santo André de Xeve e Verducido para fomentar o autoemprego, destinado a mulleres e á xuventude.

Estas tres parroquias forman unha unidade que xa as levou a constituiren o antigo Concello de Xeve e nelas hai importantes potencialidades que poden ser utilizadas para xerar emprego no medio rural. *Ruralactivo* quere aproveitar diversos elementos de valor patrimonial, destacando certos exem-

plos de tipo material como o grupo rupestre de Ben de Interese Cultural e diferentes edificacións recollidas no inventario do Patrimonio Cultural do Concello de Pontevedra e no Catálogo de Edificacións e elementos a conservar da cidade e do rural, como cruceiros, numerosas pontes, ermidas, etc.

O obxectivo do proxecto é facilitar e incentivar que estes sectores da poboación se involucren na construción de alternativas de traballo que supoñan o aproveitamento, o respecto e o coidado do patrimonio da zona. Polo tanto, as persoas que participen nel serán a base, as protagonistas e as directoras do mesmo.

O programa *Ruralactivo* busca implicar dous sectores clave da sociedade,

mocidade e mulleres, nun proxecto de posta en valor e aproveitamento socioeconómico do patrimonio cultural e ambiental do rural a través dun proceso de participación e dinamización social.

No contexto social actual, estes dous sectores da poboación aparecen como motor de cambio no territorio rural galego, xa que son os grupos con máis potencialidade de promoción do autoemprego, en especial as mulleres, segundo se deduce dos datos ofrecidos no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013).

Asemade, en diferentes Plans de Desenvolvemento Rural dos GDR Concello de Pontevedra e galegos, destácanse as seguintes cuestións en materia de xénero: a falta de acceso ao emprego no medio rural, o sobreenvellecemento feminino neste medio, a maior taxa de desemprego feminino, as menores taxas de actividade e ocupación no territorio e a súa precariedade laboral. A isto haille que sumar a dupla xornada laboral das mulleres empregadas (traballo produtivo fóra da casa e reprodutivo nas tarefas domésticas) e as dificultades de acceso á formación. Por último, conséntase unha elevada taxa de desemprego xuvenil, así como a tendencia da xuventude ao abandono do rural cara ás cidades na procura de traballo.

Primeiro faladoiro

Este primeiro faladoiro está incluído no arranque do programa orientado á detección das necesidades e intereses das persoas participantes e na identificación dos recursos ambientais e patrimoniais dos que dispoñen. Os faladoiros estarán dinamizados por un equipo de profesionais, cuxo obxectivo será invitar ás persoas asistentes a reflexionar de xeito individual e colectivo sobre os intereses e necesidades con respecto a cuestións relacionadas co emprego ou a formación.

Paralelamente, desenvolverase un traballo de análise documental ao que se lle sumarán as conclusións extraídas dos diferentes faladoiros para a elaboración dun documento de diagnose. En base ás conclusións que se extraían del, desenvolveranse as seguintes fases do proxecto: por unha banda, tentarase poñer en marcha unha escola de coñecementos, aberta a todas as mulleres e xuventude das parroquias e, finalmente, a creación dun banco de ideas de autoemprego acompañado da posta en marcha dun proxecto piloto que contará co apoio e asesoramento do equipo de traballo.

Unha economía de nós

No Concello de Pontevedra revelámonos contra o deseño económico e social que nos ven imposto pola Troika comunitaria e que, aplicado con total descaro desde hai xa uns anos no Estado Español, primeiro polo PSOE e agora polo PP, é o que agora chaman crise.

Non é crise senón un deseño económico que comezou a desenvolverse no noso país nos anos oitentas coa reconversión industrial e os ataques aos nosos sectores produtivos máis importantes. Lembremos as dificultades impostas continuamente ao sector leiteiro, á pesca ou á construción naval.

Ese deseño económico, que agora chega ao paroxismo, é o papel que esta Europa reserva aos países periféricos como o noso.

Os nacionalistas rebelámonos contra iso: dixemos non á OTAN (paso previo necesario para entrar na UE), denunciámos as condicións que nos impuñan para entrarmos na CEE, dixemos non á Constitución Europea e dixemos non a Maastriche e ao tratado de Lisboa porque eramos perfectamente conscientes das consecuencias que supuña para o pobo galego.

Como dicíamos daquela: **MERCADO COMÚN EUROPEO, RUÍNA DO POBO GALEGO.**

Rebelarse, protestar e denunciar é necesario, mais non é abondo. Cómpre sermos insubmisos e insubmisas, organizámonos para volver pór o país en marcha e mellorar as condicións de vida de todos os galegos e as galegas.

No BNG e no Concello de Pontevedra sabemos que Galiza é un país rico empobrecido por unhas políticas nefastas e, nese sentido, RURALACTIVO é unha iniciativa dirixida a dous sectores sociais, mulleres e mocidade, que son dos que máis están a sufrir os ataques do sistema. Paro, exclusión social, marginación e emigración son as únicas propostas do sistema para estes colectivos.

Fronte a este deseño, RURALACTIVO pon en valor as potencialidades do rural e, ademais, vai comezar por estudar coas propias persoas implicadas que saben, que queren e que poden facer, porque non impón ningún modelo senón que confía na iniciativa dos galegos e das galegas.

Temos que gobernarnos nós a nós mesmos para facer que participación, democracia, defensa do colectivo, respecto polo patrimonio, confianza nas propias posibilidades e apoio institucional ás iniciativas populares sexan quen de volver pór Galiza a producir.

Completando a rede de saneamento nas parroquias

O Concello de Pontevedra aborda estes días diferentes obras de saneamento que permitirán ir pechando a rede en diferentes zonas e parroquias.

Os traballos que se están a desenvolver en Casal do Río son practicamente os derradeiros que hai que desenvolver na parroquia de Tomeza. Neste caso váiselle suministrar o servizo a 13 vivendas cun orzamento de 97.000 euros. A obra consiste na construción de dous ramais diferentes que discorren por camiños públicos na súa maior parte e que van conectar todas as casas deste lugar co colector que vai pola beira do río dos Gafos.

No caso de Pedra Picada, na zona de Médico Ballina da parroquia de Lérez, van instalarse 440 metros de tubería cun orzamento de 185.000 euros. Neste caso, a principal dificultade do proxecto consiste na necesaria coordinación coas obras do AVE posto que o colector discorre paralelo á vía.

Na parroquia de Mourente o lugar Mourente tamén se está a completar a rede cun novo trazado de 800 metros que dá servizo a

algo máis de 15 vivendas cun orzamento de 150.000 euros.

Por fin, en Santo André de Xeve, na zona de Couso o Concello está a construír a obra probabelmente máis complexa desta quenda. Trátase do colector que dá saída ao lugar de Sobral e que vai permitir que teñan servizo de saneamento o Polígono Industrial, o C.E.I.P. e as instalacións deportivas desta parroquia (Campo de fútbol, Pista polideportiva e vestiarios) ademais de 41 vivendas. En total, 600 metros de colector cun orzamento de 105.000 euros.

Estes algo máis de 600.000 euros, cen millóns de pesetas, demostran a capacidade investidora do Concello de Pontevedra e o esforzo que se está a facer para manter a actividade económica, máxime nun momento no que todas as administracións están a recotar os seus investimentos.

Por outra parte, debe destacarse tamén que, o mesmo que se fai nas rúas da cidade, tras a renovación dos servizos, vaise proceder á renovación da superficie dos camiños nos que se traballe.

Movemento 30: Pontevedra modelo a seguir

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores convidado a I primeira xornada de apoio ao Movemento 30, como novo modelo de mobilidade nas cidades europeas, xa que Pontevedra é a única cidade europea coa velocidade limitada a 30 km/h en todo o seu termo municipal.

O Alcalde comezou a súa intervención sinalando que a decisión de avanzar cara un concello como o que temos hoxendía tivo carácter político e democrático: “cando os cidadáns elixíronme o seu alcalde, en 1999, fixérono porque nos propuxemos dar un xiro radical e optamos por camiñar cara a un modelo de cidade co que puidésemos alcanzar unha maior calidade urbana a todos os niveis.”

Afirmou que o obxectivo do BNG foi converter Pontevedra nun lugar agradábel, acolledor, interesante para gozar da vida sen agobios.

A partir de aí comezouse a actuar sobre o terreo: “A primeira medida que tomamos foi ir restando espazo aos coches para darllo ás persoas. O Centro Histórico foi peatonalizado por decreto ás poucas semanas de iniciar este proceso.

Despois viñeron outras rúas céntricas até tecer unha gran rede peonil.

A política de mobilidade constitúe un sinal de identidade de Pontevedra, máis non é a única que contribúe ao modelo de cidade. Así “unha importante decisión urbanística consistiu tamén en impedir ou frear na medida do posible a disgregación da cidade, tanto a nivel residencial, manténdoa compacta, como a nivel comercial, xa que non facilitamos a instauración de centros comerciais nos arredores, nin espazos residenciais illados, que competisen co centro urbano tradicional ou que esixisen un uso do coche aínda maior.

A cidade creceu nos últimos anos proporcionalmente máis que ningunha outra de Galicia, pero o seu aspecto compacto e sustentábel non se perturbou.

Xunto a isto houbo tamén medidas de seguranza viaria para contribuír non xa a calmar o tráfico senón máis ben a “á sensación de seguridade da cidadanía, un aspecto que para nós ten moito valor e que se relaciona co benestar, a autoestima ou a cohesión social, aspectos polos que os xestores da cidade tamén temos que preocuparnos”.

“A limitación da velocidade a 30 foi, xa que logo, unha consecuencia máis da transformación global da cidade” rematou Miguel Fernández Lores.

EU LIMÍTOME A 30 POR HORA

PORQUE CANDO VOU EN COCHE TAMÉN COIDO A QUEN VAI SEN EL



O PP ao servizo de Ence

A deputada do BNG, Montse Prado defendeu hoxe, na sesión plenaria que se está a celebrar no Parlamento galego, unha Proposición non de lei sobre as actuacións do Goberno galego no asentamento industrial de ENCE en Lourizán.

Na súa intervención, a deputada nacionalista acusou ao Partido popular de non aclarar a súa posición sobre o asentamento e permanencia de ENCE, “vostedes, din unha cousa e fan a contrario”, dixo, e emprazou ao PP a votar favorablemente a iniciativa nacionalista para “anular definitivamente o proxecto sectorial do asentamento industrial de ENCE”.

O alcalde e a cidadanía de Pontevedra contra a consolidación da pasteira

Neste sentido, avanzou que o Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores “fará todo o posible para pechar ENCE” e seguirá loitando para defender os intereses públicos impedindo que se execute o proxecto sectorial e a consolidación da pasteira.

Prado explicou que “a corrupción non é só meter a man na caixa, enriquecerse persoalmente a costa dos recursos públicos e recibir sobres”, a corrupción “con maiúsculas”, sentenciou, tamén é “usar a representación



institucional” para facer modificacións e beneficiar a uns poucos, é “usar o DOG e o BOE” para “beneficiar aos amigos e poderosos”.

O PP presente no Consello de Administración de ENCE

A parlamentaria criticou a importante presenza do Partido popular no Consello de Administración de ENCE do que forma parte Carlos del Álamo ex-conselleiro de Medio Ambiente na Xunta de Galiza con Manuel Fraga e Isabel Tocino, Ministra de Medio Ambiente con Aznar.

A gaivota do PP sobrevoa ENCE

Prado ironizou sobre unha campaña publicitaria de ENCE presidida por “unha gaivota” semellante a utilizada no logo do Partido popular e preguntou se esta coincidencia tamén

sería “unha casualidade” como a presenza de Carlos del Álamo e Isabel Tocino no consello de Administración de ENCE ou que se usen “as portas xiratorias” da representación pública para “lexislar en favor dos poderosos”.

A parlamentaria afirmou que o Partido popular, tanto no Goberno do Estado como no da Xunta, “ponse ao servizo da pasteira sen condicións” e pediu de novo que o Goberno galego: “ retire o recurso contra a sentenza do TSXG, anule definitivamente o proxecto sectorial de incidencia do asentamento industrial de ENCE, revise a Autorización Ambiental Integrada (AAI) concedida á pasteira e manfeste diante do Goberno do Estado “a oposición a que se prorrogue a ubicación de ENCE a través dunha posible modificación legislativa ou administrativa”.

O BNG rexeita por agresiva a alternativa escollida por Fomento para o enlace da A-57 en Curro

A alternativa 3, escollida polo ministerio de Fomento para enlazar a A-57 en Curro é, sen lugar a dúbidas, a máis agresiva, cun forte impacto na parroquia.

De levarse a cabo esta alternativa, que mete a autovía polo medio das casas e atravesa o cruce de Outeda, botaría por terra todos os intentos de mellorar o tránsito peonil e a seguranza viaria nun punto neurálxico da parroquia tanto para o tránsito de vehículos como o tránsito de peóns.

O BNG defende que o enlace da A-57 co nó de Curro se realice segundo o contemplado nas alternativas 5 e 6 (enlace da autovía do Salnés coa autoestrada), ou sexa, alonxando a autovía do medio das casas e non hipotecando a necesaria mellora da seguranza viaria no cruce de Outeda, unha vella reivindicación tanto dos colectivos veciñais como do BNG.



O BNG esixe a exposición pública do estudo de impacto ambiental do aeródromo de Godos

O Polémico proxecto do aeródromo de Godos que no seu día contou co apoio de personaxes como Rafael Louzán, Juan Manuel Rey, Jesús Goldar e José María Bello Maneiro continúa coa súa tortuosa tramitación legal. A Dirección Xeral de Calidade e avaliación Ambiental dependente do Ministerio de Agricultura, ven de trasladar aos concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilagarcía de Arousa, Meis e Ribadumia, así como ás asociacións ecoloxistas o documento ambiental do proxecto para consultalos sobre a necesidade ou non de que este se someta á avaliación de impacto ambiental.

Ao BNG non lle cabe ningunha dúbida de que é absolutamente necesario que este proxecto se someta a avaliación ambiental, entre outras razóns porque a pista de aterraxe se sitúa moi preto do río Umia, un espazo especialmente sensible. Debemos ter en conta tamén que os terreos nos que se asentarían estas instalacións son terreos asulagábeis e, polo tanto, deben ser analizadas as consecuencias ocasionadas por posibles asulagamentos.

O BNG quiere lembrar que os partidos que no seu día apoiaron a recalificación dos terreos nos que se asentaría o controvertido aeródromo (PSOE, PP e ICdR), nunca tiveron en conta os intereses dos veciños e veciñas da parroquia de Godos e, máis concretamente, do lugar de Reguengo, xa que dende o primeiro momento a súa principal preocupación foi cumprir o capricho dun construtor cos métodos máis perversos que a lei permite, a recalificación duns terreos catalogados como rústicos de especial protección agraria dun xeito escuro e miserábel para saltarse unha sentenza xudicial.

Dende o BNG instamos, polo tanto, ao concello de Caldas de Reis a que responda á consulta da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decindo que é imprescindible que este proxecto se someta á avaliación de impacto ambiental e que se garanta unha correcta conservación do noso medio natural.

MANIFESTACIÓN:
Xoves 21 de marzo / 20 h.
Praza da Ferraría

En defensa da
sanidade pública.
Contra a
privatización

